



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 08/11/2018 11:52:39

ENTRADA 24610 / RX 2724172



Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia

ASUNTO: Anuncio do 19 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se acorda someter ao procedemento de información pública o proxecto de decreto polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural O Invernadeiro (DOG nº 184 do 26/10/2018).

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación, fai constar os seguintes

COMENTARIOS, ALEGACIÓNS E SUXERENCIAS

1. Non é comprensible nin admisible o "anonimato" do documento sometido a participación pública pois hai uns meses a mesma Dirección Xeral de Patrimonio Natural someteu igualmente ao trámite de participación pública o borrador do PRUX do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas no que constaban claramente as identidades dos redactores do documento e do persoal da Dirección Xeral de Patrimonio Natural que avalaron este documento e promoveron a súa tramitación.
2. A extensión dos capítulos non é coherente co agardable nun PRUX. Así, ao plan de emerxencias, que inclúe información copiada e pegada dos plans de protección autonómicos e provinciais, adícanse 41 páxinas, case tanto como á Memoria (45 páxinas), pouco menos que ás Medidas de xestión (55 páxinas) e dez veces mais que ao Programa de actuacións (4 páxinas) e ao Sistema de seguimento e avaliación (4 páxinas). Sen subestimar a importancia de que o Parque Natural conte cun plan de xestión de emerxencias, éste non pode constituir unha cuarta parte do PRUX, un documento coa finalidade principal de establecer un modelo de xestión que contribúa a alcanzar os obxectivos de conservación e ordenación do espazo ao abeiro dos criterios establecidos nas normativas de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.
3. Memoria
 - a. A cartografía aportada ten unha calidade lamentable, impropia dun PRUX. Non permite visualizar con claridade o contorno do espazo, as diferentes zonas ou os elementos territoriais incluídos no mesmo. Falta unha cartografía (aínda que sexa sintética, e non é preciso que vaia a tamaño A0) con unha calidade mínima, que permita ler os rótulos da toponimia, apreciar os límites do espazo e os contornos físicos.
 - b. Algúns apartados non inclúen información actual, e continúan replicando referencias clásicas que na actualidade están moi superadas.
4. No apartado de "*Principal normativa sobre a que se estrutura o PRUX*" non procede a inclusión de:
 - a. Decreto 449/1973 sobre protección de hórreos.
 - b. Lei 12/2001 de concentración parcelaria.
 - c. Decreto 330/1999 sobre unidades mínimas de cultivo.
 - d. Decreto 50/201 sobre aproveitamentos madeiros, leñosos, cortiza, pastos e cogumelos en terreos forestais de xestión privada e Orde do 20-04-2018 que o modifica.
 - e. Lei 13/1989 de montes veciñais e Decreto 260/1992 do seu regulamento.
 - f. Decreto 124/2005 sobre as figuras de ENIL e EPIN.
5. Zonificación. Se ben un PRUX non pode modificar a zonificación establecida no PORN, bótase en falla unha análise crítica da mesma, sobre todo polo feito de que a zona de reserva integral deixa fóra a



cabeceira dos principais cursos fluviais e limita directamente cun couto de caza, sen franxa algunha de amortecemento de impactos. Sería desexable que se plantexase a necesidade de avaliar unha ampliación do Parque Natural para subsanar esta e outras carencias.

6. Apartado “4.1.2.1. Medidas e normativa xeral”:

- a. Entre os obxectivos específicos debería incluírse a conservación da xea, máxime cando no interior do Parque Natural existen nada menos que 17 Puntos de Interese Xeolóxico e, polo mesmo motivo, o primeiro punto da listaxe dos usos prohibidos debería modificarse para considerar tamén a xea: “*leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do Parque Natural ou sobre o estado de conservación da compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas) E A XEA*”.
- b. Debería eliminarse a “*realización de actividades e probas de carácter deportivo*” da listaxe de usos autorizables.

7. Apartado “4.2. Medidas e normativa por compoñentes e actividades”:

- a. No epígrafe relativo á atmósfera debería incluírse explícitamente a prohibición de megafonía.
- b. No epígrafe da xea, ben está que se inclúa a preocupación de manter as características químicas, estruturais e de textura dos solos, pero non se poden esquecer as características biolóxicas dos solos - imprescindibles para manter o funcionamento natural e a calidade dos solos - e tamén o feito de que os solos acubillan a meirande parte da biodiversidade nos ecosistemas terrestres. Ao respecto, recoméndase aos responsables da elaboración e aprobación do PRUX a lectura da magnífica publicación da UE “Global soil biodiversity atlas” (Orgiazzi et al., 2016), con PDF de acceso libre en internet.
- c. Hábitats: nun Parque Natural 100% de propiedade pública e sen aproveitamentos agrícolas mínimamente significativos non se entende a permisividade ao uso de fertilizantes sintéticos e biocidas.

8. Apartado “2.1. Directrices e propostas específicas para os distintos grupos”

- a. Flora: Entre os obxectivos específicos de conservación compre manter o de “*Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor*” eliminando o resto da frase: “*que poidan afectar o estado de conservación das poboacións das especies de interese para a conservación.*”
- b. Fauna:
 - Entre os obxectivos específicos de conservación compre modificar o de “*Promover o control, mitigación e no seu caso erradicación de espécimes exóticos de carácter invasor, PRIORIZANDO AS que poidan afectar significativamente o estado de conservación das poboacións das especies de invertebrados de interese para a conservación*” (p. 79 dúas veces; p. 80; p. 81 dúas veces; p. 83; p. 84 dúas veces).
 - Bótase en falla un plan de control e erradicación da perca americana (*Micropterus salmoides*).
 - Sería máis que desexable a realización dun estudo para decidir a mellor xestión posible da poboación relictas de anguías de gran tamaño sen posibilidade de renovación polo efecto barreira dos encoros Miño-Sil-Bibeí-Camba.
 - No epígrafe de aves debería modificarse a prohibición de “*A destrución ou redución das áreas de cría, reprodución, invernada, repouso ou alimentación*” eliminando o final da frase: “*situadas fóra das zonas húmidas*”.
 - Entre os usos prohibidos debería incluírse o “*O emprego sen autorización de biocidas para o control de pragas*” en todos os grupos e non só para mamíferos.
 - Debería limitarse o número e a velocidade dos vehículos que empregan as pistas no interior do parque para minimizar a mortandade de fauna por atropelo, especialmente de anfíbios despois de chuvias.
 - Debería priorizarse no tempo e os orzamentos a desmontaxe da instalación para desove de troitas, que actúa como trampa para vertebrados terrestres que caen nas canles ou as piscinas e non poden saír delas.



9. Apartado "4.2.3. Medidas de xestión sectoriais: Recursos, usos e actividades"

a. Usos agropecuarios e forestais

- Non semella xustificada a necesidade e os beneficios de autorizar pequenos rodais de cereais e a presenza de cabalos en liberdade, agás que se trate de garranos o cal non semella ser o caso (p. 87).
- Deberíanse refundir e modificar os puntos "e" e "f" dos usos prohibidos para ler: "*As novas plantacions de especies forestais alóctonas*" suprimindo "*que poidan provocar unha alteración sobre o estado de conservación dos hábitats ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación*" (p. 87).
- Deberíanse refundir e modificar os puntos "i" e "j" para ler: "*A introdución, plantación ou sementa de especies exóticas*" suprimindo "*non contempladas como especies de aproveitamento forestal nos correspondentes proxectos de ordenación de montes.*" (p. 88)

b. Urbanismo e ordenación territorial. Sendo un Parque Natural SEN núcleos rurais no seu interior e 100% propiedade pública considérase innecesaria a directriz relativa ao solo urbano e aos núcleos rurais.

c. Infraestrutura e obras

- A apertura de novos desmontes, gavias ou viarios debera estar prohibida no interior do PN e, xa que logo, eliminar a Directriz IV "*Como criterio para a apertura de novos desmontes, gavias ou viarios tomarase aquel que supoña, en primeiro lugar, un menor impacto ambiental sobre os elementos da paisaxe, os hábitats e as especies protexidas.*" (p. 90).
- Aínda que a curto prazo poida considerarse xustificado permitir "*A mellora da devasa perimetral, na zona de reserva, cando sexa necesario, a condición de que non supoñan ningún cambio no trazado, dimensión ou capa de rodaxe orixinal, salvo necesidades derivadas da defensa contra incendios forestais*" (p. 90 e 100), o lóxico sería plantexar a súa substitución a medio-longo prazo por unha faixa de vexetación protectora menos inflamable e moito menos impactante na paisaxe que a devasa actual de largura desmesurada. Compre salientar que a rede de devasas ocupa nada menos que 136,25 ha (un 2,4% da superficie total do parque).
- O de considerar como actuación permitida "*O cambio da capa de rodaxe ata as casas da Ribeira Pequena no mantemento da pista principal, por motivos de seguridade*" (p. 91 e 104), semella un simple eufemismo para disfrazar un proxecto de asfaltado da mesma non xustificable.
- Como acertadamente se indica no PRUX no parque hay "*unha profusión de devasa e pistas forestais que nalgúns casos deseñáronse sen adoptar adecuados criterios de funcionalidade*", polo que se bota en falla un plan para reducir ditas infraestruturas e mitigar os seus efectos negativos no parque.
- Sería un bo exemplo para os visitantes que as edificacións da Ribeira Pequena dispuxesen dun abastecemento enerxético renovable e de baixo impacto, substituindo o emprego de gasoil.

d. Uso público e actividades deportivas

- As probas deportivas deberan estar prohibidas no interior do Parque Natural.
- O parágrafo relativo ao número máximo diario de visitantes está duplicado e non se aporta xustificación de como se estimou a capacidade de carga.
- "*A circulación e aparcadoiro sobre hábitats de interese comunitario ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación*" NON debera de ser autorizado nin siquiera excepcionalmente.
- O voo de aeronaves a menos de 1000 m de altitude NON debera ser un uso autorizable.

10. Estimación económica:

- a. A estimación económica do PRUX prevé un gasto anual de 155.478 € para os vindeiros 6 anos. Isto supón unha previsión de gasto anual por unidade de superficie do espazo de 27 €/ha. Esta cifra resulta insuficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos de conservación e xestión do Parque Natural, xa que no escenario natural considérase que os custos necesarios para a xestión dos valores



- debería atoparse entre 70 (real) e 114 (desexable) €/ha. É dicir, o gasto previsto no PRUX é un 39% do gasto medio que se ven facendo nos espazos protexidos de España, e representa soamente un 24% dos valores desexables establecidos na bibliografía de referencia na materia.
- b. Ademais de ser moi cativa a dotación económica para o período de vixencia do PRUX, un terzo do orzamento global pretende adicarse a a obxectivos non directamente relacionados coa conservación dos hábitats, a biodiversidade e a xea:
 - 20,6% para mantemento e limpeza de devasa e puntos de auga, obxectivo que, en calquera caso, debera sufragarse con cargo ao PLADIGA.
 - 12,9% para conservación e mellora da rede viaria.
 - c. Malia salientarse reiteradamente como unha necesidade ao longo do documento, non consta unha partida específica para "Deseño e desenvolvemento dun plan de eliminación progresiva dos cercados con presenza de especies non autóctonas, como é o caso do gamo (*Dama dama*) e dos cercados con presenza de rebezo (*Rupicapra rupicapra*), de cervo (*Cervus elaphus*) e cabra montesa (*Capra pyrenaica*)", cercados que ocupan nada menos que 308,96 ha (un 5.4% da superficie total do parque).
11. Plan de Xestión de Emerxencias. Como no resto do PRUX, descoñécese a identidade dos redactores do Plan de Xestión de Emerxencias e, en consecuencia, non se pode comprobar se están ou non capacitados para redactar este plan que incide sobre distintas actividades e fenómenos adversos. A inclusión do Plan de Xestión de Emerxencias dentro do PRUX réstalle capacidade de adaptación pois a súa actualización/modificación queda vencellada á modificación do PRUX. Como se fai na maioría dos PRUX aprobados no territorio español, sería moi recomendable que neste apartado se contemplasen tan só os aspectos básicos do Plan de Xestión de Emerxencias, marcando os procesos ademais de redacción, aprobación e modificación, así como a(s) autoridade(s) responsable(s).
12. Organización administrativa:
- a. No borrador do PRUX séguese aludindo á figura e competencias do Director do Parque Natural (apartado 4.2.2.4), acorde co artigo 41.2 da Lei 9/2001. Pero na realidade esta figura foi suprimida *de facto* e substituída por un Xefe de Servizo de Parques Naturais que de acordo co Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG 221, 19/11/2015), asume a "dirección e xestión executiva ordinaria dos Parques Naturais", incluíndo o "seguimento das actuacións das xuntas consultivas dos devanditos espazos protexidos" e tamén da "Reserva Nacional de Caza de Ancares", unha figura residual do franquismo que nada ten que ver cun espazo natural e menos aínda cun Parque Natural.
 - b. Despois de tres anos do novo modelo de xestión aplicado aos Parques Naturais de Galicia a valoración non pode ser máis negativa. Os Parques Naturais perderon os seus caracteres identitarios, transformándose en meros Parques Turísticos.
 - c. A Xunta de Galicia debería adoptar o antes posible un modelo de xestión máis eficiente, creando equipos profesionais e cualificados en cada un dos Parques Naturais, no que participen distintos profesionais (biólogos, ambientalistas, xeólogos, enxeñeiros de montes, xeógrafos, etc), recuperando a figura de Director de Parque Natural, e que desenvolvan a súa actividade ordinaria exclusivamente en cada Parque Natural.
 - d. O seguimento dos ecosistemas e dos seus compoñentes debe realizarse a través dun comité científico, independente da administración autonómica, formado por investigadores e representantes de ONG ambientais. De non ser así os informes de seguimento nunca serán cribles.
13. Vulneración da normativa vixente. O trámite realizado pola Consellería de Medio Ambiente incumpre o artigo 6.1 da Ley 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental (BOE 296, 11/12/2013), pois debera someterse a avaliación ambiental estratéxica. Procedemento do que non consta que se iniciou e menos aínda finalizado no caso do PRUX do Parque Natural, polo que a tramitación do expediente debería retrotraerse ao momento de inicio de dita Avaliación Ambiental Estratéxica.



Por todo o cal,

SOLICITA:

Que a Consellería de Medio Ambiente proceda de forma inmediata á anulación do actual documento e inicie os traballos para dotar ao Parque Natural dun PRUX:

1. Redactado en base ao coñecemento científico-técnico dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade presentes no Parque Natural, así como das necesidades de conservación destes compoñentes, garantindo esta a curto ou longo prazo.
2. Que ordene de forma obxectiva os usos e a xestión do Parque Natural, evitando ou minimizando toda afección sobre os compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade que determinaron a declaración do Parque Natural.
3. Contando coa participación da sociedade, e especialmente dos centros de investigación e grupos de investigación, así como das organizacións non gobernamentais que traballan e colaboran na conservación da biodiversidade e xeodiversidade de Galicia.
4. Capaz de resolver os grandes retos que afectan a este espazo e que sexa crible e aceptado pola cidadanía.
5. Tendo en conta as presentes alegacións.

En Santiago de Compostela a 7 de novembro de 2018

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto